

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE LEIRO PARA A EXECUCIÓN DUN APARCAMENTO E O ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA MÁIS PRÓXIMA AO MOSTEIRO DE SAN CLODIO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Leiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que esta addenda ten por obxecto modificar a cláusula oitava do convenio.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O 10 de xullo de 2025 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Leiro para a execución dun aparcamento e o acondicionamento da contorna máis próxima ao mosteiro de San Clodio.

Segundo.- Na cláusula terceira dispónse que se considerarán subvencionables os gastos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2025.

Así mesmo, na cláusula oitava establécese que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o 1 de decembro de 2025.

Terceiro.- O 21 de novembro de 2025 o Concello de Leiro solicita unha ampliación do prazo de xustificación establecido no convenio ata o 15 de decembro de 2025. O concello fundamenta a súa solicitude textualmente no seguinte:

“Debido a que a actuación que se está a acometer, se atopa na contorna máis próxima do Mosteiro de San Clodio, declarado Ben de Interese Cultural, esta precisou da autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e que a pesares que dende o mes de marzo de 2025 se mantiveron contactos co persoal técnico de Patrimonio Cultural, presentándose diferentes propostas, sendo a última rexistrada de data 9 de



xullo de 2025, a complexidade da zona de actuación provocou que ata o 23 de setembro non se obtivese a referida autorización.

O pertinente procedemento de licitación como contrato maior, e por tanto publicación na Plataforma de Contratación do Estado, derivou na sinatura do contrato de obra coa empresa adxudataria o 15 de outubro de 2025, asinándose a correspondente acta de comprobación do replanteo o 24 do mesmo mes.

Das referidas datas, despréndese que dende que se asinou o contrato de obra ata a data de finalización de obra, se contaba tan só con mes e medio.

Ese prazo de execución, xa de por si moi axustado, se veu gravemente alterado polo impacto da borrasca Claudia; debemos de ter en conta, que se trata dunha obra onde se producen importantes movementos de terra, os cales se ven retrasados e incluso paralizados, en días de forte choiva; esta borrasca provocou que a obra se tivese que paralizar practicamente durante unha semana e se desacelerasen de xeito notable debido ao estado no que quedou o terreo na seguinte semana, na cal nos atopamos a día de hoxe, complicando a posibilidade de cumprir o prazo de entrega”.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

